



Anexo XXIV. Folla informativa de doazón de órganos e tecidos posterior á prestación de axuda para morrer para o/a paciente

Se vostede desexa exercer o seu dereito de ser doante de órganos, debe saber que será imprescindible o seu traslado e ingreso no hospital, co fin de poder iniciar todos os cuidados previos á doazón.

PREPARACIÓN, CUIDADOS PREVIOS PARA A DOAZÓN E PRESTACIÓN DE AXUDA MÉDICA PARA MORRER

O obxectivo primordial é proporcionarlle cuidados e tratamentos para evitar a dor, a ansiedade e o sufrimento psicolóxico e físico, mediante a sedación e a analxesia, que aseguren o seu benestar durante todo o proceso de preparación para a doazón de órganos/tecidos que vostede solicitou e que é imprescindible para garantir que esta poda levarse a cabo co maior éxito posible. Nalgún momento puntual que lle será explicado, pode ser necesario incluso realizar unha anestesia xeral. En todo momento, para o equipo asistencial que o acompañe será prioritario o cumprimento do seu dereito á prestación de axuda para morrer e das medidas que o garantan.

Unha vez autorizada a prestación de axuda para morrer pola Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia, o momento da prestación será consensuado co/a médico/a responsable e o equipo asistencial que o acompañaron durante todo o proceso de solicitude e tamén co/a coordinador/a de transplantes que lle informou desde o momento en que vostede o solicitou.

Para poder exercer o seu dereito á doazón de órganos, antes da prestación de axuda para morrer é preciso que acepte que a prestación sexa realizada no centro hospitalario de referencia na súa área sanitaria e que a modalidade elixida sexa a administración intravenosa por parte dos profesionais sanitarios.

O ingreso realizarase, de acordo co/a seu/súa médico/a responsable e co/a coordinador/a de transplantes, o día que vostede decida, en horario de mañá, sen ter inxerido alimento ningún nas 8 horas previas, nunha habitación individual, na que poderá estar acompañado da súa familia, se é o seu desexo. Anteriormente ao seu ingreso, tivo que realizar algunhas análises de sangue que axudará á correcta asignación dos/as futuros/as receptores/as dos seus órganos/tecidos. Unha vez ingresado/a no hospital, tamén cabe a posibilidade de que se necesite canalizar algunha vena máis grosa para tomar unha mostra para cultivos de sangue e realizar, ademais, outras probas médicas como radiografías, TAC ou ecografías de tórax ou abdome.

Todos estes procedementos e os que se realizarán a continuación son necesarios para poder avaliar e preservar os órganos para a doazón, e garantir, no posible, que sexan aptos. Serán realizados de maneira que non supoñan sufrimento para vostede, utilizando técnicas de sedación e analxesia se fose necesario.





O día da prestación de axuda para morrer coincidirá co momento da doazón de órganos e ambos procedementos, aínda que están relacionados, á vez son independentes e serán levados a cabo por diferentes profesionais. Así, a prestación de axuda para morrer será realizada polo/a seu/súa médico/a responsable xunto co seu equipo asistencial, e a doazón polo coordinador/a de transplantes e o seu equipo, que actuarán antes e despois do seu falecemento para a obtención dos órganos.

Para iniciar o procedemento será trasladado a un quirófano. Alí, comezarán os preparativos previos necesarios para protexer os seus órganos, co obxectivo de que se lle poidan transplantar a outros/as pacientes. Previamente ao seu traslado, o/a anestesiólogo/a do equipo de transplantes administrarlle unha sedación para garantir o maior confort posible durante o desprazamento. A partir deste momento, vostede xa non recuperará a consciencia. Á súa chegada a quirófano, este/a mesmo/a especialista realizarlle unha sedación profunda ou unha anestesia xeral para continuar cos demais preparativos, sen que estes lle causen ningún sufrimento.

Estas medidas, que se levarán a cabo sen dor ou molestia para vostede, inclúen:

- A administración dun medicamento, a heparina, que evitará a formación de coágulos dentro dos vasos e que impedirían o posterior transplante dos órganos.
- A picada dunha arteria do brazo e a colocación dun pequeno tubo ou catéter, para controlar a súa tensión arterial. Tamén é posible que se teña que picar a vena e a arteria femoral na ingua.

Unha vez concluídos estes preparativos, o/a seu/súa médico/a responsable, xunto co seu equipo asistencial, realizará a prestación de axuda para morrer, administrando os fármacos precisos, segundo o protocolo establecido.

Unha vez producido e certificado o falecemento, de acordo cos requisitos establecidos na lei, comezará a extracción de órganos e tecidos polo equipo de transplante.

Os seus familiares ou persoas achegadas recibirán todo o apoio necesario e, se é o seu desexo, terán a opción de acompañarlle sempre que queiran mentres vostede estea consciente, ou noutros momentos que se acorden co equipo.

É importante aclarar que pode revogar a súa decisión de ser doante de órganos e tecidos ata o mesmo día da prestación de axuda para morrer, garantíndolle que se manterá o seu dereito a ela sen ningunha modificación ao respecto.

Firma polo/a paciente

D./Dna. _____,

con DNI _____, declaro ter comprendido esta información, sobre a que tiven a opción de preguntar ao/á coordinador/a de transplantes e de reflexionar.

_____, ____ de _____ de 20__



Firma do/a paciente

Firma doutra persoa, maior de idade e plenamente capaz, por imposibilidade física do/a paciente de asinar por si mesmo/a

D./Dna. _____
con DNI _____, maior de idade, en presenza e por vontade de
D./Dna. _____: _____, que non se
encontra en condicións de firmar o presente documento, polas razóns que se indican a
continuación, procedo a firmar:

Motivos:

_____, ____ de _____ de 20__

Firma doutra persoa, no caso de paciente capaz con imposibilidade física para firmar

PROFESIONAL QUE INFORMA

Nome e apelidos do/a profesional _____
N.º de Colexiado/a _____
_____, ____ de _____ de 20__

Firma do/a profesional sanitario/a

Entregar ao/á paciente